

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Onte esquecinme de mercar as flores. Espertei hoxe co cheiro podre flotando na atmosfera interna do piso. Abrín as fiestras, porque quería deixar entrar máis aire do que fuxira dos meus pulmóns. Estou, neste intre, ollando as agullas do reloxo, recreándome na semente do momento. É cedo, e os fíos de luz que se filtran mostran unha composición aínda morna e alaranxada. Choro porque sinto que cheguei á interrupción, a un oco tremendo que remata coa extensión do camiño. Levo sentada na cama, fronte a circunferencia de clásica silueta, non sei canto tempo, e queda unha hora para saír.

Aproveito o momento de inicio para pensar. Cústame sentirme deste xeito e non fuxir por entre as tebras, polas físgoas. Mais fágoo. Presente no momento, -eliminando cada rebumbio de ideas que soan, que se golpean no baleiro no que flutuan na miña cabeza- lembro cada emoción sibilina. Non quero escoitar máis ca a frialdade silente e non quero ver máis alá do vago movemento das agullas do reloxo. Penso na crise que atravesa cada célula do meu corpo, penso no impulso de correr con cada achegamento ao ascensor, o elemento transitorio que xa non o é. Pecho os ollos, e noto cada fío negro de pestana rozarse, e as cóxegas esténdense pola faciana, ata as meixelas.

Se me concentro, son quen de retomar o fío dos pensamentos pasados, son que de atopar as cunchas agochadas na area dos momentos que quixen esquecer. Prodúceme un salvaxe sufrimento, noto os reberberos da miña voz nas fibras, nas entrañas. Noto os ósos tremer na súa propia fragilidade. Creo que revivir os momentos doentes axuda a evaporalos, mais é tal o esforzo preciso que non sinto ter a forza suficiente. Continúo, aturuxada polos berros mudos das sensacións

soterradas. Nótome, coma a gaivota do debuxo da casa de verán, nun proceso de mudanza, e as nubes semellan demasiado escuras, e non son quen de ver a luz pasar entre as partículas do ceo.

Sométome a un deliberado proceso de metamorfose, a unha introspección requirida polo tempo, pola circunstancia relevante. Desexo converter o ascensor de novo nun momento rutineiro e chego ata a espiña sostida entre as vísceras. Atópoa entre o po negro que flota no medio case sólido. Arrincareina? Concéntrome nos pés sobre a cabina, nos botóns apretados e no espello que me mostra, pequeniña, encollida e feble. E pecho os ollos tanto e noto case como rachan as conexións entre os centímetros de pel. E racho, por dentro, e baléirase o oco.

Érgome e noto unha sensación de lixeireza primixenia, sinto ferver no sangue o ímpeto do inicio. E sei, aínda que nestes momentos permanezo nunha ensoñación de logro, que esta é, en parte, unha mudanza pasaxeira. Sei que hai aínda soterrados milleiros de pedras que me asfixian. Mais é esta a sensación de liberación primeira, e noto que entre os cadáveres dos eventos pasados nacen flores que, se non son bonitas, polo menos viven.

E sei que as conversas varían segundo as persoas. E requiro un intre de plena lucidez para deducir que a miña é unha pena provocada por unha quimera: os desexos, o que quero, confúndense coa realidade.

E chego a entender, tamén, que eu sempre me comporto como o meu propio agocho, e que a alma, amurallada, entre os tecidos musculares, só cala. E calo eu. Eu contéñome a min, e a todas as partes da miña esencia. Cada unha das ramificacións, cada un dos sentidos contraditorios, constitúe alguén que fun, aínda que só fose un pensamento, un momento. Reprimidos baixo a espesura da praia.

É imposíbel retroceder nos papeis que se arrincan sen piedade dun sobrio calendario, e non quero. Comprendo agora que cada unha das partes que ollaron cara o chan existen en min, e que podo arrincar a obsesión permanente, mais o efecto, a dor, son precisos, e por iso perduran.

Non foxen- como eu cría- as lembranzas cando abro as caixas vellas, senón que a miña cutánea respiración de ideas as absorbe, e eu mesma son embebida polas imaxes, agora invisíbeis tamén para o cerebro- mais reais-, nun mundo paralelo, ubicuo e inaccesíbel.

Embebida na tristura, son quen de expresala, e iso faime libre. Sinto que xa non son escrava deses sons inmateriais. Podendo os fonemas escapar da gorxa, ou sendo eu quen de reflectir as cunchas e os golpes do mar contra a costa en caligramas, atópome capaz de apertar e sentir estas facetas que son alleas e miñas ao mesmo tempo.

Collo o debuxo da praia, o de cando era pequena, que saquei da caixa que aínda queda na mesa da cociña, e ollo o punto. Decátome de que son o punto porque conflúen nel todas as cores. Son un punto que podería estar en calquera parte do debuxo.

O meu corpo, encadeado a unha ilusión incandescente, é quen de camiñar máis alá dos percorridos establecidos polo meu desexo inconsciente e limitante. Falarei do tempo meteorolóxico, e falarei da vida, e cada día será unha nova oportunidade.

Embebida na tristura, son quen de experimentar ledicia e un sorriso, e saio pola porta, e pecho sen despedirme, porque sei que volverei. E noto as pegadas que deixo, co meu cheiro, cos meus ollos, e o son do camiñar; notar a miña propia existencia, a miña presenza, anímame.

Vou traballar e chamo o ascensor, seica o veciño que sempre ten présa xa saiu pola escaleira, ao mellor vítima dun sentimento semellante ao que unha parte de min experimentou moitas veces, ao mellor atrapado na gaiola do seu corpo, preso das súas feridas.

O ascensor detense no quinto, e os ollos de mel da Señora das Cartas sorrín dende o outro lado. A Señora das Cartas é unha muller que viaxou coa súa tenda de postais dende Viveiro, fuxindo do vento do nordés, e abriu e pechou en cada vila de paso unha pequena sucursal, ata Lugo, onde agora xunta as fotografías panorámicas da Muralla Romana coas das praias da Mariña e o Camiño de Santiago. A súa tenda é pequena e atópase ao carón da floristaría. Ás veces detéñome no marco da porta para observar as cores que arrodean as imaxes dos monumentos máis importantes de Galicia. Presto sempre unha atención especial ao imán da catedral, pintado de xeito que as sombras se contradín na mesma figura.

- Bo día, *tu* non foches, *logho*, coller onte as flores ao lado da tenda? Non é que *esteña* atenta a todo o de fóra, pero de algo me decato, moza.
- Esqueceúseme, ía ir hoxe. Aínda non abriu a tenda?
- Claro! Abro máis tarde os venres, que *alghún* descanso hei de ter... E non che contaría nada o rosmón este, o *Arghemiro*... ben estraño se me fai.
- O que?
- Sabías o que propuxo o Eladio haberá dúas semanas para nos levar mellor, non si?- Nego, sendo de novo consciente dos tecidos dispares- Si, muller! A trangallada esta do xadrez. A mesa que puxo no vestíbulo do garaxe.- Eu sempre aparco fóra porque é unha das poucas razóns que me empurran a saír.
- Non... colocou unhas mesas de xadrez?

- Si, fixo... Dixo que para potenciar o espírito comunal...pois o vello do cuarto, que boa peza é, vai e dime un día na tenda de postais que se os veciños *xoghemos* con el non hai quen lle *ghañe*. E vou eu e perdo. Despistoume como *saeu*... e mira que eu son ben boa para estas cousas, que teño moi ben ordenada a cabeza... pois vou e perdo. E entón foi, uns días despois, o pai dos nenos, o Xan, e o vello rematou con el, pobriño, en dous minutos. E o Eladio non quer *xoghar* ata que teña batido con todo o edificio. E imos ir todos, esta tarde vai coa doutora, aínda que espero que esa perda, que ten un amor por si mesma que non cabe pola porta..., pero vou velo, non *seña* que o vello perda e eu non *esteña* alí...
- Tampouco será tan malo, se xa é difícil velo algo ledó...
- Pois si, o home está máis sorrinte que en toda a vida, *díghocho* en serio... Todo o día a rir, *paseábamos* eu e meu *irmao* onte pola praza do parque e van os señores dos bancos dicirme que está o vello eufórico co xadrez... E non vai e di que temos que apostar diñeiro no *xogho*! Eu espero que o de hoxe non *seña* como o outro, porque é moito o que unha ten que soportar!
- A que hora van xogar?
- Cando volva a Elena, que está cunha operación de non sei que. Alá polas sete, pero o bo é mañá, xa cho *dígho*, que vai co avó da nena do terceiro.
- Non ía ir só contra a veciñanza?
- Si, pero bueno, aquí tampouco van así as *distinciós*, calquera é veciño, non fai falla vivir aquí.
- E logo... non era tamén mañá a reunión das flores?
- Non, muller, esa cambiouna o Eladio para a *seghinte*, que non podía *alghén* ou algo polo estilo. E é máis importante calarlle a boca ao outro.- Despídese e camiña mantendo en harmonía o seu corpo voluminoso sobre os diminutos pés.

Busco sentir de novo ese espírito comunal, e atópoo tamén, absorbido polo corpo.

Cativada por unha mestura entre a tristura e o agarimo, vou traballar.